

# PAUTAS E XOGOS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

Tarefas da familia e da  
escola



Estimadas familias:

Elaboramos este documento co fin de establecer canles de colaboración entre as FAMILIAS e a ESCOLA.

Propoñemos unha serie de actividades que incidirán no proceso madurativo dos vosos fillos e fillas.

Debemos respectar o ritmo de cada neno/a, cada persoa ten o seu proceso de desenvolvemento. Non vos preocupedes se o voso fillo/a non pode pronunciar algún fonema en concreto, seguramente precisará algo máis de tempo, para que a súa maduración lle permita conseguilo.

Para previr as dificultades da linguaxe debemos colaborar a familia e a escola. Xuntos estaremos máis preto de conseguilo.

Queremos insistir na importancia de que faledes moito cos vosos fillos/as, que vos sentedes con eles para lembrar aquel conto que vos contaban cando erades pequenos, unha cantiga, unha poesía ...

*Esperamos que esta información vos sirva de axuda e agradecémosvos de antemán a vosa xenerosa colaboración.*

Departamento de Orientación  
CEIP de Atín-Cela



## PAUTAS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

**FALAR:** Dedicarlle un tempo diario, aínda que sexa breve, a FALAR con el/ela.



Deixarlle que se exprese á súa maneira e non incidir nos seus erros. Se por exemplo pronuncia mal cando dí:

" mira unha DOSA (rosa)", nós non insistiremos en decirlle a pronunciación adecuada, senón que lle ofreceremos un modelo correcto de xeito indirecto: "si que é bonita esa rosa".

**SER EXCESIVAMENTE CORRECTORES OU ESIXENTES PODE PRODUCIR A INHIBICIÓN VERBAL NO NENO/A, é dicir, que escolla non falar.**



**COMENTAR:** Aproveitar cando faga calquera actividade para acompañalo e comentar as cousas que vexades, por exemplo cando vexa a televisión, cando vaiades de compras, etc.



**CONVERSAR:** Cando teñamos unha conversa co neno/a pediremos respostas claras, evitando os monosílabos (si, non, xa...). Procurade non facerlle preguntas nas que vaia implícita a resposta como:

" queres mazá para merendar?", sería máis adecuado decirlle: " qué queres de merenda?". Así o neno/a **ESFORZARASE EN EXPRESARSE.**



**UTILIZAR:** Os adultos debemos usar unha fala correcta para que eles teñan un bo modelo. Non utilicedes a **FALA INFANTILIZADA.**



**CONTARLLE E LERLLE** moitos contos.





## XOGOS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

A través do xogo podemos ir ampliando o seu vocabulario:



**Esquema corporal:** cando o neno xogue con algún moneco, cando se vista, se bañe... podemos ir nomeando cada parte do corpo, sinalándoa e tocándoa. Despois serán eles os que as nomeen contestando ás nosas preguntas como qué é iso?, onde está o nariz?



**As cores:** mostralles diferentes cousas de diferentes cores e pedirilles " colle un lapis vermello", " dame unha mazá verde".



**Qué temos aquí?:** buscar e nomear o que hai dentro dun bolso, dunha bolsa da compra, dun caixón, etc.



**Vexo- vexo:** pódese xogar coas cores, letras ...

O- *Que ves?*

O- *Unha cousiña*

O- *Que cousiña é?*

O- *Unha cousiña que empeza pola letra A como por exemplo : ARAÑA*

Tamén se pode facer con familias de palabras (froitas, animais, etc), con sílabas ( unha cousa que empeza por MA).



**Facer xestos:** diante do espello e durante períodos curtos de tempo podemos xogar a facer xestos, así estaremos traballando os movementos que incidirán positivamente na mobilidade do aparato bucofonador e polo tanto na articulación, por exemplo:

O  abrir e pechar a boca rápido

O  sacar e meter a lingua

O  ensinar e esconder os dentes

O  dar bicos no aire

O  gardar o aire no lado dereito da boca imitando ter un flegmón, logo no lado esquerdo

O  mover a lingua pola boca como si comeramos un caramelo

O  estalar a lingua contra o ceo da boca imitando os cabalos

O  mover a mandíbula cara os lados



## EXERCICIOS QUE VAN A AXUDAR NA ARTICULACIÓN DAS PALABRAS



Poñer morros e sorriso cos beizos alternativamente.



Poñer morros á dereita e á esquerda alternativamente.



Morder o labio superior e inferior alternativamente.



Mover a lingua dirixida ó nariz e o queixo alternativamente.



Relamber o labio de arriba e de abaixo alternativamente.



Relamber os dentes de arriba e de abaixo alternativamente.



Dirixir á lingua á comisura da boca cara a dereita e a esquerda alternativamente.



Sacar e meter a mandíbula inferior alternativamente.



## EXERCICIOS DE SOPRO

### • Con candeas:

- Apagar a candea.
- Mover a chama sen chegar a apagar a candea.
- Apagar varias candeas dun só sopr

### Con papeis:

- Poñer boliñas de papel sobre unha mesa e xuntalas soprando.
- Mover un papeliño pola mesa seguindo un camiño soprando cunha palla de beber.

### • Con outros materiais:

- Hinchar pelotas de goma.
- Soprar matasogras, pequenos muíños, pelotas de ping pong

### • Con pallas de beber:

- Facer burbullas coa axuda dunha palla.
- Tomar líquido a través dunha palla.
- Traspasar auga u outro líquido dun vaso a outro.
- Chupar auga, retela na boca e botala.
- Xuntar ou separar papeliños aspirándoos



## APLICACIONES EDUCATIVAS E VIDEOS


A continuación propoñemos unha serie de aplicacións educativas e videos cos que complementar as actividades destacadas anteriormente.



**Moogy Speak:** Esta aplicación ten como obxectivo estimular a fala a través de xogos con Moogy. Inclúe xogos especialmente pensados para:

- Estimular o control da respiración e a expulsión do aire.
- Estimular a expresión verbal e o aumento do vocabulario básico.

- Realizar exercicios/praxias buco-faciais, ximnasia facial.



**Breathe:** Consiste en axudar o monstruo de Barrio Sésamo a calmar e solucionar os seus desafíos diarios. Esta app axuda ó neno a aprender a estratexia para a resolución dos problemas " Respira, Pensa, e Actúa " ademais de adquirir vocabulario emocional e unha técnica de respiración tranquila.



**Cuentos Playtales:** PlayTales ofrece libros interactivos: tradicionais e clásicos, populares e novos, para os máis pequenos e aprendices lectores que se sumirán nos libros e as historias unha e outra vez..



**CAH- El mundo de los sonidos:** É unha divertida aplicación creada para estimular a aprendizaxe e recoñecemento dos sons e a memoria auditiva. La aplicación cuenta con dous niveis, no primeiro os nenos/as exploran as escenas e seleccionan elementos



relacionados con cada tema e estos emiten os seus sons característicos. No segundo nivel, deben demostrar os coñecementos adquiridos, adiviñando de onde procede o son.



**Talking Pocoyo:** Con Talking Pocoyo, podes falar con Pocoyo. Repite todo o que dis cunha voz divertida. Podes tamén facerlle cosquillas, miralo bailar e facer que toque numerosos instrumentos de música. Tamén podes xogar con Pocoyo e tratar de adiviñar qué animal imita!

E por último presentamos unha serie de videos para practicar as praxias que podedes atopar en youtube:



#### Practicamos las praxias con las hojas de otoño

de Dolores Audición e Linguaxe • il y a 3 ans • 57 915 vues

<http://audicionelinguaxecrabergerondo.blogspot.com.es/> Animación elaborada **PARA** practicar las praxias con mis alumnos de ...



#### Praxias\_NNTT.wmv

de mbastante • il y a 4 ans • 135 509 vues

Algunas praxias divertidas para niños.



#### La Saltarina Cantando Aprendo a Hablar

de Cantando Aprendo a Hablar Oficial • il y a 2 ans • 2 632 512 vues

Suscríbete al canal de Cantando Aprendo a Hablar en

<http://www.youtube.com/cahoficial> La Saltarina de Cantando Aprendo a ...

SOURCE OFFICIELLE



#### 1- La lengua revoltosa - Chile crece contigo - Canción para estimular el lenguaje

de Kathia Cranky • il y a 2 ans • 301 181 vues



#### ejercicios oral motores diarios

de Trillis4kids • il y a 2 ans • 243 208 vues


Bori el monito de Trillis 4 Kids Therapy Center nos invita a ejercitar nuestra musculatura oral junto a el.



3:36

### Praxias orofaciales- Cuento del gusanito.

de logopediaperu • il y a 3 ans • 1 268 087 vues

El **CUENTO**  del gusanito es un material útil para ejercitar las **praxias** orofaciales. Es fácil de aprender y lo mejor es que a los niños ...